

## LA VENTANA

GREGORIO FREIRE  
PIÑEIRO (\*)

## O GRAN PORTO ÁRTABRO E O SENTIDO COMÚN

**A** semana pasada asistín ás xornadas técnicas sobre o Superporto e Refuxio de Galicia e teño que dicir que me resultou verdadeiramente triste ver o auditorio de FIMO practicamente baleiro.

Poderíase dicir que unhas xornadas de tres días, mañá e tarde, de mércores a venres, non poden aspirar a convocar as masas, mais tendo en conta a diversidade de aspectos, técnicos, políticos, xurídicos, económicos, etc. que se tocaron e o plantel de conferenciantes, enxeñeiros, profesores da Universidade, expertos e técnicos que os impartiron, penso que o asunto debería concitar unha maior presenza de cidadás e cidadáns, aínda que non fora máis que a asistencia parcial segundo a preferencia ou especialidade de cada quén.

Sobre todo porque neste Ferrolino, no que o mais parvo fai reloxos, nunca faltará quen esbardalle a destro e sinistro, cando suceda unha nova traxedia como a do Prestige, a do Casón ou a do Mar Egeo, poñamos por caso ou se producira, ogallá que non, un accidente na planta de Reganosa.

Os ferroláns quedáronse sen escoitar como se están a derrochar os cartos públicos nunha obra como o Porto da Coruña, que técnicos como o capitán da mercante D. Benigno Sánchez Lebón, que era o práctico maior na Coruña cando as catástrofes do "Urquiola" e o "Mar Egeo", aseguran non poderá estar operativo moitos días no inverno, ou como o ex presidente da Xunta de Galicia D. Fernando González Laxe sinalaba a necesidade de dispoñer urxentemente dun Porto Refuxio en Galicia.

Pero se cabe, as ausencias máis significativas non foron as dos ferroláns de a pe que deberían preocuparse por coñecer estes aspectos pa-

ra poder opinar sobre eles, senón a dos políticos e os representantes das "forzas vivas", a dos representantes das institucións, a dos que se mobilizaron polo "Nunca máis" a dos que apoian ou a dos que se opoñen á planta de Reganosa, a dos que se enchen de asinar Plans para Galicia e Plans para Ferrol, que só serven para saír na foto.

Parecera que neste Ferrol e inclusive nesta Galicia nosa, imperan o absurdo e a irracionalidade, impóndose sobre o sentido común, que será certo que é o menos común dos sentidos. Pois, como se non, se pode explicar que se dilapiden os cartos públicos —os de todos nós— en obras faraónicas como a do monte Gaias sen saber para qué?, a do Porto Exterior da Coruña a sabendas de que non vai servir? ou se permita a ubicación dunha bomba na ría de Ferrol, sen contar para nada coa cidadanía e sigamos sen reaccionar?

Realmente non sei se isto se debe ao desinterese da xente ou a mediocridade de quén nos representan. Desde logo esa foi a sensación da mostra que pasou polo auditorio da FIMO, o señor Juncal e o señor Rodríguez Doval representando a dous partidos tan diferentes, mais ámbolos dous, coincidentes en rexeitar o proxecto do Porto Ártabro, do mesmo xeito que coinciden en apoiar a irracionalidade de situar planta de gas de Reganosa na Ría de Ferrol, con argumentos tan varios como contraditorios, Juncal confundindo "Project Finance" con subvención pública e Doval negando a posibilidade da localización por razóns ambientais, as que non tivo o seu partido, que goberna en Mugar dos, ningún atranco para pasalas polo arco do triunfo no tocante a Reganosa, sendo neste caso moito máis graves e incluso ilegais.

Pero a mediocridade tamén alcanza, sen dúbida, aos representantes dos partidos que non asistiron, que se agochan detrás dos feitos consumados para quedar ben e non ser consecuentes: "A de Reganosa non é a ubicación mais idónea, pero xa está feita..." (Irisarri) "Non estamos de acordo coa subida dos soldos, pero tivemos que aceptala..." (Yolanda). Nesta ocasión preferiron non asistir e así non se pronunciar.

Este proxecto, para min, tan só ten un defecto: Que, en lugar de ser propiciado por un grupo privado que tan só aspira a obter das Administracións concesións e licencias pero non financiamento, penso que deberían ser o Goberno Central e a Xunta quén lideraran e apostaran pola súa construción, buscando, en todo caso, a participación e o financiamento privado.

O Gran Porto e Refuxio na Ría de Ares ten sentido pola súa ubicación pois toda a miña vida vin ós barcos capear o temporal fronte a Coitelada e porque o impacto ambiental, que o ten sen dúbida, é moito menor que o que teñen as obras en Caneliñas ou na Punta Langosteira.

Ten sentido pola súa necesidade, porque se existira cando o do Prestige ou o do Casón non houbera pasado o de Alumina e non se houbera enchido a costa de chapapote, porque o perigo para a poboación pola manipulación de substancias perigosas, ou en caso dun accidente, sería mínimo e porque a desfeita de Reganosa non tería sentido mantela.

E ten sentido porque serviría para dinamizar a comarca e crearía emprego, e sobre todo, porque sendo máis seguro, grande, operativo, máis doado de facer, etc., é de sentido común.

(\*) GREGORIO FREIRE PIÑEIRO É SECRETARIO COMARCAL DE USTG-FERROL